



Novas Narón

Teléfono:

607 344 434

Alta e baixa

Para darse de alta en *Novas Narón* as persoas interesadas deben realizar os seguintes pasos:

1. Gardar na lista de contactos do seu teléfono móbil o número de teléfono 607 344 434 como *Novas Narón*.
2. Enviar un WhatsApp a *Novas Narón* co texto “Alta Novas Narón”.

Unha vez que se solicite a alta no servizo recibirase unha mensaxe confirmando a alta no mesmo. Desde ese momento recibirá información sobre novas, axenda cultural e deportiva, actividades e outras propostas municipais, así como posibles incidencias.

No caso de que queira dar de baixa deberá enviar unha mensaxe a *Novas Narón* co texto “Baixa Novas Narón” e deixará de recibir a información que se enviará a través desta canle municipal.



Difusión da información:

As persoas que se dean de alta no servizo, ao tratarse dunha lista de difusión, non verán información sobre o resto dos usuarios e usuarias do mesmo. O Concello de Narón é o administrador do servizo, co que será o propietario do mesmo e desde onde se remitirán as mensaxes de *Novas Narón*.

A información enviarase entre as 10.00 e as 22.00 horas, de luns a domingo, salvo situacións de urxencia ou emerxencia, nas que se poderían ampliar os horarios inicialmente previstos.

Normas de uso:

Ao tratarse dunha canle de comunicación unidireccional as persoas que se dean de alta no servizo non poderán enviar mensaxes de resposta nin realizar consultas. Para eses casos deben dirixirse ao Concello de Narón por correo electrónico -naron@naron.es ou chamando ao teléfono 981 337 700.

Ao darse de alta no servizo acéptanse as condicións e normas de uso deste servizo. O incumprimento das normas de *Novas Narón* suporá a baixa automática por parte do administrador.